

Reunión Monte Alto (03/10/2012):

- 1) Interbarrios**
 - 2) Asemblea Popular de Outubro**
 - 3) Grupo de traballo sobre Inditex**
 - 4) Global Noise**
 - 5) Xornada de reflexión**
 - 6) Folga do 31 de Outubro**
 - 7) Varios**
-

1) Interbarrios:

Asistiron Monte Alto e a Ría. Acudirá xente da Ría á manifestación do 4 de Outubro convocada pola CIG de forma crítica. Plantexouse facer algún tipo de acción durante a xornada de reflexión (como se fixera o ano pasado durante as eleccións xerais).

Decidiuse que o próximo luns (8 de Outubro) a reunión de Interbarrios fose presencial na Ría, o luns 15 será a priori online, e o luns 22 presencial en Monte Alto. Considerouse que esa planificación é a mellor para afrontar os acontecementos que van ter lugar nestas semanas: Global Noise (13 de Outubro), xuízo dun compañeiro do Agra (11 de Outubro, non se sabe a hora), Cumbre Social (7 de Outubro), posible folga xeral (31 de Outubro)...

Sobre a manifestación convocada pola Cumbre Social, acórdase ir como bloque crítico, non levando a pancarta da Rede (enténdese que non se está a funcionar como tal) senon a de “15M: Folga Xeral Indefinida”. Acéptase o comunicado proposto pola asemblea da Ría (adxunto ó final*).

2) Asemblea de Outubro:

O tema será as eleccións á Xunta, anunciaráse tamén a manifestación do 13-O (Global Noise) e do acto que se fará o día de reflexión no Obelisco. Levaráse o toldo por seguridade, aínda que non está previsto que chova.

3) Inditex:

Non convence a idea de falar coa xente que traballa para Inditex, entendendo que se trata dunha folga de consumo. Debátese a idea de identificar ou non a campaña co 15-M. A próxima reunión será o martes 9 ás 19.30 no bar Coco.

Faise referencia ó libro “No Logo”, de Naomi Klein, que pode ter información de interese para a campaña.

4) Global Noise (13-O):

A manifestación sairá da Plaza de Ourense ás 18h. O percorrido xa está fixado: Pza. Ourense – Juana de Vega – San Andrés – Obelisco – María Pita. Dende a asemblea se entende que é moi longa e non convence a idea de facer distintas concentracións simultáneas que a manifestación iría recollendo.

Decídese non participar na concentración do Obelisco anterior que se adicaría ó tema de Deshaucios e Sen Teito, non porque non se apoiem esas reivindicacións senón porque se entende que o máis axeitado é apoiar a manifestación dende o comezo, e coméntase que tampoco se entende a constitución dunha coordinadora que, dende o grupo Sen Teito, pretenden constituir a raíz desa concentración. Si se está de acordo en facer actos reivindicativos en puntos concretos do percorrido (Delegación de Goberno, sede do PP, sede de Nova Galicia Banco, Obelisco).

5) Xornada de reflexión:

Decídese facer ese día unha concentración festiva e reivindicativa no Obelisco. Propónse proxectar, se fose posible, vídeos das cargas policiais, e colgar carteis (p.e.: “Disculpen las molestias, estamos reflexionando”).

Habería que informarse polo tema dos permisos.

6) Folga xeral do 31 de Outubro:

Convocada por CGT, non parece a priori que en Coruña vaia ter moito impacto. Falaráse coa CGT para informarse de que se pensa facer aquí.

7) Varios:

- Proposta de conseguir que se canten consignas do 15M durante algún partido do Dépor: nun principio non parece moi viable, falaráse con xente que asista regularmente ó estadio para ver se se pode facer.
- ILP de ADEGA pola xestión de residuos: nun principio non lles pediremos follas para axudar a cumprimentala porque consideramos que non podemos adicar todo o noso tempo a estar pendentes do que organicen outros colectivos, posto que é imposible estar ao día de todo. Entendemos que debería ser a asociación ecoloxista a que contactatase connosco se é que precisa axuda para cubri-la ILP e non ser nós os que a ofrezamos primeiro.

*Adxunto:

por umha saída social da crise

A convocatoria do 26 de “ocupa o parlamento” ven de marcar un antes e un despois da loita contra os recortes e o axuste do goberno do PP e a Union Europea pois puxo no centro a exigencia da Dimision do Goberno. A convocatoria, confusa nos seus inicios, viuse reforzada polas mobilizacions da poboacion portuguesa que conseguiron parar nun primeiro momento os ataques do seu goberno, e polas declaracións incendiarias da sr Cospedal, que actuou baixo o lema do “bombeiro tolo”; a resposta dos dias seguintes á represion demonstra que ha vontade de loitar, mas para que todo o esforzo non quede en fogo de artificio, é preciso ir clarificando os obxectivos desa loita.

Desde o 15 M vimos decindo desde hai mais dun ano que “o problema non son as persoas, é o sistema”, ... capitalista, e que para enfrentalo non collen meras alternativas electorais nos marcos do sistema. Por iso, desde a Rede de Barrios e Vilas da Coruña do 15M levantamos umhas exixenciaks que poden sintetizarse na proposta, “**por umha saída social da crise**”, desenvolvida nos 8 puntos aprobados na asemblea popular do 22 de maio do 2011.

Non fixo mais que rematar agosto, e as mobilizacions obreiras e populares sucedense, desde as reciente folgas do transporte contra as privatizacions, a loita constante dos funcionarios/as contra o roubo dos seus salarios, ate as folgas xerais en Euskadi, a Xornada de Loita convocada polo Sindicalismo de Clase e Alternativo o mesmo dia 26 de setembro, ou as mobilizacions de sectores e empresas que a cotio sucedense.

As politicas que estamos a sufrir non son “boutades” do PP e do Rajoy, senon que respostan aos obxectivos que desde Bruxelas e o BCE teñen para descargar os efectos da crise sobre a clase traballadora europea, sexa alema, francesa, grega, portuguesa, española ou galega; mas golpeando con especial dureza nos sectores que eles chaman “perifericos”. Estos obxectivos estan sendo contestados en toda Europea, o 26 S os gregos tamen van a Folga Xeral, a poboacion traballadora portuguesa leva dias saíndo á rua contra o roubo dos seus salarios,...

Somos millóns de traballadores/as, de cidadans europeos, os que rexeitamos estas politicas, **para cando unha folga xeral europea?**

As eleccions galegas movense neste cadro de mobilizacions en aumento que xa cobraron a primeira dimision importante – por moito que queira dicer, a saída de Esperanza Aguirre esta ligada ás mobilizacions de anos contra ela-, o que demonstra que é posibel botar abaixo a Rajoy e o seu goberno.

Mas pola recente experiencia co PSOE -non fai nin un ano que ZP deixou o goberno- e a gravidade da crise, é evidente que para frear os ataques, recortes e axustes non chega un simple recambio nas institucións.

Unhas institucións parlamentarias desvirtuadas, que están baseadas nunha inxusta lei electoral, a lei de H'ont, que favorece o "bipartidismo", e no caso galego, a limitación do 5% para entrar no Parlamento, deixando fora a todo aquel que non chegue ao tope, favorecendo tamen o bipartidismo. A súa derogación é unha exigencia básica para recuperar a democracia.

Son unhas institucións que desde a monarquía até abaixo están implicadas na corrupción, nos recortes e os axustes, na involución democrática nos dereitos da muller a decidir sobre o seu corpo, procurando a prohibición do aborto para máis beneficio das clínicas privadas, ou na recentralización do Estado, que con as súas medidas, está levando a que sectores productivos galegos, desde o naval até a gandería, esten ameazados polas políticas de Bruxelas e o goberno central, coa perda de postos de traballo e a riqueza que xera.

A Rede de Barrios e Vilas do 15M non fía en promisas electorais que nunca se cumpren; senon na **autoorganización da clase traballadora e o pobo a través das asembleas populares de barrio, centro de traballo ou estudo**, con compromisos que respósten a cotío diante da poboación traballadora e non en "festas electorais" cada catro anos.

Estos compromisos parten dunha necesidade decisiva para o futuro, **a derogación de todas as medidas adoptadas polo PPSOE desde o comezo da crise**. A partir delo será posible adotar medidas que teñan como obxectivo que a crise a pague quen a criou, os capitalistas, no camiño "dunha saída social da crise".

- **a expropiación da banca e renacionalización das grandes empresas e os servizos privatizados.**

- **o non pagamento da debeda, resultado da socialización das perdas da banca, e responsabilidades dos culpabéis do desastre.**

- **a defensa dos dereitos da muller, comezando polo seu dereito a un aborto libre e gratuito, na Seguridade Social.**

Frente a corrupción dos políticos e as institucións (o Poder Xudicial, os parlamentos, os partidos institucionais, as cúpulas sindicais, etc.) ha que avanzar na **convocatoria duna Asemblea Constituínte que remate cun rexime abertamente corrupto, e que o pobo teña posibilidade de decidir sobre o seu futuro.**

Para a conquista destes obxectivos, e pola experiencia cos gobernos de ZP, da Xunta Bipartida (PSOE-BNG) ou da Xunta de Andalucía (PSOE-IU), só colle unha alternativa, **a mobilización social unitaria**, como camiño para garantir de que os planes son o servizo da poboación traballadora e o pobo.

**Goberne quen governe, derogación das medidas de recorte e axuste
Por un plan de loita até acabar co goberno do PP que inclúa unha folga xeral
Unidade contra os plans dos gobernos e a Unión Europea**